

## "ENCUENTROS LITERARIOS"

- I) 1990 - Angel Rey Ballesteros, José Mari Iturralde, Carmen Riera e Carlos Casares.
- II) 1991 - Luis Mateo Diez, José Luis López Cid, Juan José Millás e Alfredo Conde.
- III) 1992 - José María Merino, Juan Pedro Aparicio, Suso de Toro e Carlos Casares.
- IV) 1993 - José Manuel Caballero Bonald, Miguel García-Posada e Carlos Casares.
- V) 1994 - Encarna Castejón, Almudena Grandes e Carlos Casares.
- VI) 1995 - Blanca Andreu, Luisa Castro, Manuel Rivas y Carlos Casares.
- VII) 1996 - Basilio Losada, Fernando Delgado, Manuel Rivas e Carlos Casares.
- VIII) 1997 - Manuel Vicent e Carlos Casares.
- IX) 1998 - Juan José Millás, Juan Cruz Ruíz e Carlos Casares.
- X) 1999 - Rosa Regás, Benjamín Prado e Carlos Casares.
- XI) 2000 - Xosé Carlos Caneiro, Basilio Losada Castro e Carlos Casares.
- XII) 2001 - Antón Riveiro Coello, Bieito Iglesias, Victor F. Freixanes.
- XIII) 2002 - Basilio Losada e Juan Cruz.
- XIV) 2003 - Marina Mayoral, Fanny Rubio, Cristina Fdez-Cubas, Luz Pozo e Marilar Alexandre.
- XV) 2004 - Susana Fortes, Julio Llamazares, Xosé Carlos Caneiro.
- XVI) 2005 - Clara Sánchez, Xabier Alcalá, Miguel Anxo Fernández, Xavier Villaverde, Angel de la Cruz.
- XVII) 2006 - Suso de Toro, Benjamín Prado, José Manuel Callero Bonald.
- XVIII) 2007 - Juan Cruz Ruiz, Luis Mateo Díaz, Manuel Rivas.
- XIX) 2008 - José M<sup>a</sup> Merino, Bieito Iglesias, Manuel Vicent e Angel Sanchez Arguindey.
- XX) 2009 - Rosa Aneiros, Rosa Regás, Luisa Castro.
- XXI) 2010 - Jose Fco. Fernández Naval, Xosé Carlos Caneiro, Luis Eduardo Aute.

Organizan:

*Sección de*  
**Literatura**  
*do Liceo de Ourense*



Patrocinan:



*El Liceo de Ourense*



UNIVERSIDADE DE VIGO

Colabora:



*El Liceo de Ourense*

XXII

"ENCUENTROS  
LITERARIOS"

"Contando  
Historias"

CÁTEDRA  
**CARLOS  
CASARES**

DEPUTACIÓN DE OURENSE  
UNIVERSIDADE DE VIGO

*Ourense, febreiro 2012*

# P R O G R A M A



Día 1 de febreiro, mércores

**20.15 horas**

**Aula de Cultura do Liceo**

CONFERENCIA de

**JOSÉ MARÍA MERINO SÁNCHEZ** co título: "**El cuento como forma de conocimiento**"

En 1972 publica su primer libro: el poemario Sitio de Tarifa; su primera novela data de 1976: Novela de Andrés Choz. Entre 1987 y 1989 dirige el Centro de las Letras Españolas del Ministerio de Cultura y a partir de 1996 se dedicará en exclusiva a la literatura.

Es patrono de honor de la Fundación de la Lengua Española. Fue presidente honorífico de La Fundación del Libro Infantil y Juvenil Leer León y fue elegido académico de la Real Academia Española en marzo de 2008, en sustitución de Claudio Guillén, ocupando el sillón m.3 En el año 2009 fue nombrado Hijo Adoptivo de León. Es miembro del patronato de la Fundación Alexander Pushkin. Y es Embajador de Hans Christian Andersen 2005 (Ministerio danés de Cultura)

Pese a sus inicios poéticos, José M<sup>a</sup> Merino ha cultivado principalmente la prosa: libros y artículos de viajes, ensayos literarios, crítica, novelas, novelas juveniles y, especialmente, cuentos, género este último del que se ha convertido en uno de sus más significados valedores. También es un destacado conferenciante y narrador oral: junto a los también leoneses Luis Mateo Díez, Antonio Pereira y Juan Pedro Aparicio ha recuperado la costumbre del filandón (reuniones nocturnas en las que se contaban cuentos y leyendas mientras se hilaba o se hacían otros trabajos), típica de León.



Día 2 de febreiro, xoves

**20.15 horas**

**Aula de Cultura do Liceo**

CONFERENCIA de

**CAMIÑO NOIA** co título: "**Do contar da oralidade ás narracións breves de Casares.**"

Catedrática Lingua e Literatura galegas na Universidade de Vigo, fixo os seus estudos universitarios na Universidade de Santiago de Compostela, onde presentou a primeira tese de licenciatura feita en lingua galega sobre a 'Nova narrativa galega' (1968). A súa tese de doutoramento tratou do bilingüismo dos galegos en idade escolar, investigación premiada pola Deputación de Pontevedra. Ademais do traballo académico, María Camiño Noia colaborou en distintas fronteas na normalización lingüística de Galicia: Profesora en numerosos cursos de perfeccionamento do profesorado en lingua galega, pioneira na elaboración de material didáctico con obras como 'Lúa Nova IV' (1980), 'Lingua' (1985) primeiro manual de lingua galega para estudos preuniversitarios, ou o 'Diccionario de sinónimos da lingua galega' (1997) que coordinou para a editorial Galaxia con Xose M<sup>a</sup> Gómez Clemente e Pedro Benavente. En 1978 con Xulián Maure e Germán Sánchez fundou Edicións Xerais de Galicia, da que foi a primeira secretaria do seu consello de administración. Foi directora do Colexio Universitario de Vigo e, sendo decana da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo, organizou nese centro os estudos de Tradución e Interpretación. En 1995, con outros membros de Asociación de Tradutores Galegos, funda 'Viceversa. Revista Galega de Tradución', da que foi directora durante varios anos.



Día 3 de febreiro, venres

**20.15 horas**

**Aula de Cultura do Liceo**

CONFERENCIA de

**ANTÓN RIVEIRO COELLO** co título: "**Contando a HISTORIA. As invencións de Clío**".

Naceu en Xinzo de Limia, no ano 1964. Cursou estudos de Dereito na Universidade de Santiago e actualmente traballa na administración autonómica. Riveiro Coello é un dos narradores máis premiados dos xurdidos na literatura galega durante a pasada década. Ademais dun gran número de relatos en libros colectivos e revistas literarias ten publicadas as novelas Valquiria (1993, premio Camilo José Cela), A historia de Chicho Antela (1997), A quinta de Saler (1999), coa que foi finalista do premio Torrente Ballester, así como as recompilacións de relatos Parque Central (1996) e Airadas de palabras (1998), onde se recollen os contos que lle foron premiados nos certames Manuel Murguía e Modesto R. Figueiredo entre os anos 1991 e 1997. Con Animalia (2000) obtivo o premio Café Dublín correspondente a 1999. As rulas de Bakunin recibiu o premio García Barros en 2000, ano no que tamén logrou o Álvaro Cunqueiro de Narrativa con Homónima.

En 2007 publica en Galaxia A voz do lago, novela coa que se adentra na creación literaria para os lectores máis novos, e na colección Literaria Os ollos de K.